



I PREMIO DE RELATO CURTO EM PROL DA IGUALDADE DO CONCELLO DE MELIDE

O Concello de Melide convoca o **I PREMIO DE RELATO CURTO EN PROL DA IGUALDADE DO CONCELLO DE MELIDE**. O obxectivo é sensibilizar á poboación en prol dunha igualdade real entre homes e mulleres.

BASES DO PREMIO

1 PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas sen límite de idade.

2 PRESENTACIÓN E TEMÁTICA DAS OBRAS

2.1 As obras deberán estar escritas en lingua galega.

2.2 Deberán ser orixinais e inéditas.

2.3 O relato versará sobre calquera aspecto relacionado coa muller: relacións familiares, persoais, ámbito laboral, violencia de xénero, vivencias...).

2.4 Cada participante só poderá presentar unha obra por quintuplicado, baixo a modalidade de relato curto. A extensión mínima será de 5 folios e a máxima de 10 folios, en formato Din A4 a dobre espazo por unha soa cara e un máximo 30 liñas por folio. O tipo de letra utilizado será unicamente Times New Roman de 12 puntos.

2.5 Os traballos presentaranse en sobre fechado, no que figurará só a seguinte anotación: "I Premio de Relato Curto en Prol da Muller do Concello de Melide" e un lema. No interior, alén dos cinco exemplares, figurará outro sobre pequeno cos datos persoais da autora ou autor (nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono e correo electrónico).

2.6 Os relatos enviaranse ao enderezo Concello de Melide (Departamento de Cultura), praza do Convento, n.º 5, 15800 Melide (A Coruña).



3 PRAZO

O prazo de presentación dos traballos finaliza o día 2 de maio de 2021 ás 14 horas.

4 PREMIO

Outorgaranse 3 premios económicos:

primeiro premio: 350

segundo premio: 200

terceiro premio: 150

5 XURADO

O xurado estará composto por cinco membros: presidenta/e, secretaria/o e tres vogais.

A decisión do xurado darase a coñecer o 17 de Maio, Día das Letras Galegas.

6 DEREITOS DE PUBLICACIÓN

O relato ou relatos premiados ficarán a disposición do concello. O Concello de Melide non devolverá os relatos gañadores. As autoras/es dos relatos gañadores ceden gratuitamente ao Concello de Melide os dereitos de publicación para a súa publicación impresa e/ou dixital. Porén as/os autoras/es manterán os seus dereitos sobre segundas ou posteriores edicións de ser publicado(s) o(s) traballo(s) premiado(s).

O relatos non gañadores poderán ser recollidos no Departamento de Cultura do Concello de Melide no prazo de dous meses logo da comunicación pública da decisión do xurado. Após finalizar este período de tempo, serán destruídos.

7 INTERPRETACIÓN E PARTICIPACIÓN

7.1 A interpretación das presentes bases son atribución do xurado.

7.2 A decisión do xurado é inapelábel.

7.3 A participación no premio supón a aceptación da súas bases.

8 PAGAMENTO

8.1 Os/as participantes premiados/as deberán presentar no Concello de Melide, nun prazo de 15 días laborais desde a comunicación pública da decisión do xurado, a fotocopia do NIF e conta bancaria con indicación de IBAN.

8.2 Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.

8.3 De ser menor de idade, o pagamento efectuarase á súa titora ou titor, para todo o cal se requirirá a autorización desta/e.

